

I.4. GALÍCIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Director do Servizo de Normalización Lingüística da
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Consellería da Presidencia e Administración Pública

a) Lexislación

Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117, do 18.06.2001).

O Título II desta lei, artigo 21 *a)* ó defini-las infraccións considera moi grave: «Toda actuación que supoña unha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social das partes sometidas a mediación».

b) Fomento

Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado (DOG núm. 72, do 11.4.2001).

O goberno galego, como consecuencia do progresivo incremento da presenza da lingua galega no ámbito da prensa escrita, ten que presta-lo seu máis decidido apoio a tódalas iniciativas que xurdan neste ámbito co obxecto de continuar coa política marcada no Estatuto de autonomía e cumprir así o establecido no seu artigo 5.3, que expresa a necesidade de potencia-lo emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, motivo polo cal se promulgou o Decreto 103/1994, do 21 de abril, no que se establecen as axudas dirixidas a publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado.

O artigo 1 da Orde dispón que poderán solicita-las axudas as empresas xornalísticas radicadas en Galicia e inscritas no Rexistro Mercantil, que difundan as súas publicacións periódicas escritas integramente en idioma galego normativizado.

Quedan excluídas da concesión de axudas: *a)* os boletíns de información interior ou de institucións; *b)* as publicacións de organizacións políticas, empresariais, profesionais, sindicais ou de entidades públicas; *c)* as publicacións de difusión total ou maioritariamente gratuítas; *d)* as publicacións que se distribúan como suplemento ou en forma conxunta con outra publicación, e *e)* as publicacións escritas nunha normativa distinta da establecida polo Decreto 173/1982, do 17 de novembro.

Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, a empresas xornalísticas e de radiodifusión (DOG núm. 72, do 11.4.2001).

O obxecto da presente orde é a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, a empresas xornalísticas e de radiodifusión que realicen publicacións ou emisións diarias, ou transmitan a súa actividade informativa diaria a través da Internet, alomenos en parte en idioma galego.

O artigo 3 establece que quedan excluídos da concesión de axudas: *a)* os boletíns interiores de institucións; *b)* as publicacións de partidos políticos, asociacións relixiosas ou entidades públicas; *c)* as de distribución gratuíta.

As empresas xornalísticas deberán achegar Memoria na que se faga consta-los números publicados desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2000, número de traballos ou artigos escritos en lingua galega durante o mesmo período e porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

As empresas de radiodifusión Memoria na que se faga consta-la programación, especificando que parte dela se realiza en lingua galega. Este último punto acreditarase mediante declaración xurada.

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

a) Fomento

Orde do 18 de xaneiro de 2001 pola que se convocan subvencións á edición discográfica galega (DOG núm. 24, do 2.2.2001).

A Consellería considera que o fomento da edición de discos é a mellor forma de participar activamente na creación dunha infraestrutura empresarial, necesaria para a difusión da música realizada no noso país.

A contía da subvención non poderá supera-la cantidade de 300.000 (trescentas mil) pesetas (1.803,04 €) por disco, casete ou disco compacto, consistindo no equivalente ó 75% do prezo de venda ó público (sen IVE) dun máximo de 20% dos exemplares editados, segundo os datos que están no documento de autorización de produtores fonográficos, debidamente dilixenciado por unha Sociedade de Xestión de Dereitos de Autor. Se a obra é en varios volumes engadiranse 100.000 pesetas (601,01 €) por cada un deles.

Orde do 25 de xaneiro de 2001 pola que se convocan subvencións a empresas editoriais para apoia-la edición do libro en galego, a traducción ó galego e a edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego (DOG núm. 29, do 9.2.2001).

O libro editado en galego acadou niveis de normalización comparables ós do resto do Estado, non só en presentación, deseño e tiraxes, senón tamén no que respecta ós contidos. Por outra banda, a completa normalización da nosa industria editorial precisa do esforzo das empresas do sector e da axuda da Consellería.

Esta Orde convoca subvencións a empresas editoriais para apoia-la edición en galego, a traducción ó galego, e a traducción e edición noutras linguas de obras escritas orixinariamente en galego. Unha das condicións que as bases desta Orde impoñen ós editores é a de teren publicados como mínimo 10 títulos en galego durante o ano anterior.

Non poderán acollerse ás subvencións desta orde as publicacións destinadas a uso escolar, ben como libro de texto, ben como material complementario e as que non sexan primeiras edicións, de non ser que estas conteñan estudos que acheguen novidades substanciais.

A contía das subvencións será de 3.000 a 4.000 (tres mil a catro mil) pesetas por páxina para as obras que se vaian editar en linguas da Península Ibérica, e de 4.000 a 7.000 (catro mil a sete mil) pesetas (24,04 a 42,07 €) por páxina para as obras que se editen nas outras linguas do mundo, ata un máximo, en tódolos casos, de 950.000 (novecentas cincuenta mil) pesetas (5.709,61 €) por obra.

Orde do 15 de febreiro de 2001 pola que se convocan subvencións a empresas vinculadas co sector audiovisual para apoia-lo desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega, así como a produción audiovisual en lingua galega (DOG núm. 41, do 27.2.2001).

Convócanse subvencións, mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoia-lo desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega e a realización de producións audiovisuais en lingua galega.

Para aqueles proxectos que a empresa solicitante considere que teñen carácter plurianual, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá comprometer outras fases de realización dos proxectos para o ano 2002 destinando para o efecto o importe de 30.000.000 de pesetas (180.303,63 €) ó abeiro do disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Poderán optar a estas subvencións as produtoras audiovisuais e empresas de produción multimedia legalmente constituídas como tales, con domicilio social en Galicia. En todo caso nas bases específicas determináranse os requisitos concretos que deben cumprir-los solicitantes para acceder a ambas modalidades.

Excepcionalmente, poderán concederse subvencións ás empresas produtoras radicadas fóra da Comunidade galega sempre que se dean algunha das condicións seguintes:

A) Que a película teña por tema, ou desenvolvemento ou localización a Comunidade galega ou, e polo menos o 25 por 100 da rodaxe ou gravación se realice na Comunidade Autónoma de Galicia.

a) Que as persoas integrantes dos equipos técnicos e artísticos que participen na elaboración sexan, polo menos un 30 por 100, orixinarias ou residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os motivos de exclusión abranguen a aqueles solicitantes que, para o mesmo proxecto, xa foran beneficiarios dunha axuda para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores, convocadas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Orde do 15 de febreiro de 2001 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produc-

ción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores (DOG núm. 42, do 28.2.2001).

Convócanse axudas, mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoiar-lo desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores.

Poderán optar a estas subvencións: *a*) as persoas físicas domiciliadas en Galicia que teñan prevista a escritura dun guión para proxectos como os sinalados no artigo 13º; *b*) as persoas físicas domiciliadas en Galicia, como produtores audiovisuais e empresas de produción multimedia legalmente constituídas como tales, con domicilio social en Galicia que incorporen para a dirección do proxecto en cuestión un novo realizador. No caso de produtoras cinematográficas deberán estar inscritas no rexistro oficial do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.

O art. 3º, declara motivos de exclusión: «os que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Cosellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e non xustificasen o seu investimento, así como proxectos encargados por terceiras persoas e as producións didácticas e publicitarias.

Ademais, quedan excluídos aqueles solicitantes que, para o mesmo proxecto, xa foran beneficiarios dunha subvención para o desenvolvemento e para a produción audiovisual das convocadas anualmente pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 31, do 13.2.001).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con iso, recoñéceselles ós cidadáns o dereito de coñecelo e de usalo. Mais non estaría garantido ese dereito se os cidadáns non tivesen a posibilidade de aumentar —ou iniciar, segundo o caso— o coñecemento e o dominio dos distintos rexistros da lingua propia de Galicia.

Os cursos que se convocan van dirixidos a tódalas persoas maiores de idade que o desexen, ben individualmente ou ben agrupados por colectivos. Terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian encontros e actividades de formación e de intercambios de experiencias para os responsables e os compoñentes dos equipos de normalización lingüística, e para o profesorado en xeral, dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 31, do 13.2.2001).

Entre as medidas que a Administración educativa está a levar a cabo figuran a formación do profesorado en lingua galega e a constitución dos equipos de normalización lingüística nos centros educativos.

A finalidade destes encontros e actividades é a formación lingüística do profesorado, co fin de conseguirla progresiva utilización da lingua galega no ensino e, en consecuencia, melloralo dominio que os alumnos teñen do idioma galego.

A base 3ª especifica que «tódalas actividades que se realicen faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos básicos e medios de linguaxe administrativa galega para o persoal das administracións públicas de Galicia (DOG núm. 31, do 1.2.2001).

Convócanse un total de 24 cursos (básicos e medios) en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, que se van realizar nas cidades de Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela. Os cursos terán unha duración de 75 horas. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se convocan proxectos de fomento do uso do galego e de formación, para os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional (DOG núm. 31, do 13.2.2001).

A intención da Dirección Xeral de Política Lingüística é impulsar e dinamizar as medidas necesarias para que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de Normalización lingüística, xa que cada centro ten que constituír un equipo de normalización lingüística.

A base 1º desta orde di que o obxectivo é convocar proxectos de fomento do uso do galego e de formación en réxime de concorrencia competitiva destinados ós equipos de normalización lingüística dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia durante o curso 2000-2001.

Nos proxectos de fomento do uso do galego e de formación atenderase preferentemente a:

1. Adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego, imprescindible para a realización dos proxectos.

2. Os gastos de material necesario para:

a) A elaboración e/ou a disposición dos materiais pedagóxicos precisos para a realización de proxectos que incidan na promoción do galego nas diferentes etapas educativas. Ten especial interese a realización de acción e proxectos innovadores de promoción do uso do galego nas aulas e na comunidade educativa.

b) A organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua e extensión cultural galega, para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia (DOG núm. 31, do 13.2.2001).

Estes cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua e de extensión cultural galega, que terán lugar nas localidades e para os centros galegos, asociación de galegos residentes no exterior e grupos de persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia, que determine a Dirección Xeral de Política Lingüística.

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para mestres e profesores de pri-

maria, secundaria, ensinanzas especiais e formación profesional dos centros públicos e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 31, do 13.2.2001).

Tanto a Lei 3/1983, de normalización lingüística, coma o Decreto 247/1995, que a desenvolve no tocante ó ensino non universitario, buscan, por unha parte, que os alumnos vaian acabando cada unha das etapas do ensino cun dominio semellante do galego e do castelán, e, por outra, que o galego sexa a lingua de uso habitual non só da Administración educativa, senón tamén das actividades relacionais, organizativas e culturais dos centros educativos.

Para axudar a isto —aclara a Orde— cómpre contar cun profesorado que coñeza e domine o galego dun xeito suficiente non só para impartirlas clases no idioma propio de Galicia, senón tamén para facelo coa calidade que axude a mellora-lo dominio que desa lingua teñen os alumnos.

Os cursos terán unha duración de 75 horas e responderán ós contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.

A la línea 4º especifica que «a avaliación que se realice nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e contínua e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma, efectuándose as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que teñan superadas as distintas fases de avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de «apto».

Orde do 9 de febreiro de 2001 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomenta-lo uso social da lingua galega (DOG núm. 38, do 22.2.2001).

A convocatoria pretende anima-las asociacións e institucións privadas sen fin de lucro a que realicen actividades encamiñadas a aumenta-lo uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito asociativo, a través da confección de documentación permanente, a realizar actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega e a realización de actividades publicitarias, de acordo coas correspondentes bases específicas.

Quedan excluídas as seguintes entidades: *a)* as dependentes das entidades locais; *b)* as asociacións de pais de alumnos; *c)* os movementos de renovación pedagóxica que posúan tal cualificación; *d)* as diferentes agrupacións das entidades citadas nos puntos anteriores.

Orde do 10 de febreiro de 2001 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a empresas privadas para fomenta-lo uso social da lingua galega (DOG núm. 37, do 21.2.2001).

Esta orde pretende anima-las empresas a que realicen actividades encamiñadas a aumenta-lo uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito económico e mercantil. Enténdese que o alcance destas subvencións é para a confección de documentación permanente, a rotulación permanente dos establecementos ou vehículos e a realización de actividades públicas e a edición de suplementos didácticos en lingua galega, de acordo coas correspondentes bases específicas.

Os criterios de concesión establécenos o artigo 6, ó concretar que serán: *a)* o carácter permanente da acción; *b)* a incidencia no ámbito socioeconómico da actividade que se pretende realizar; *c)* o grao de elaboración e a creatividade e a innovación da actividade; *d)* os recursos achegados pola empresa solicitante para a realización da actuación subvencionable; *e)* utilización das novas tecnoloxías; *f)* a adecuación do orzamento previsto ós valores medios reais de mercado; *g)* a viabilidade da actividade proposta.

A valoración, segundo a incidencia da acción divídese en tres alíneas: pequena, media e grande.

Orde do 12 de febreiro de 2001 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para impulsa-la creación, tradución e adaptación de libros e materiais didácticos, para niveis non universitarios, impresos en lingua galega (DOG núm. 40, do 26.2.2001).

A orde vai dirixida ás editoriais legalmente constituídas como empresas privadas que elaboren material escolar incluíble no seu ámbito de aplicación, para impulsa-la creación, tradución e adaptación de libros e material didáctico de niveis educativos recollidos na LOXSE con suxeición ás normas contidas na presente orde.

Os requisitos son:

1. Estaren correctamente escritos en galego, segundo o disposto na lexislación vixente.

2. Atérense ó disposto no Decreto 89/1993, do 19 de abril, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais para o ensino de réxime xeral, e ás ordes que o desenvolven.

Exclúense os libros de bibliófilo; os destinados a seren distribuídos gratuitamente; os libros publicados por clubs do libro ou entidades similares, destinados a seren distribuídos entre os seus subscritores; os libros de

uso escolar correspondentes ás áreas ou materias de lingua e literatura galegas; as publicacións ou material didáctico non destinados a uso escolar; as publicacións que recibisen subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e as publicacións ou material didáctico que recibisen subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, en anteriores convocatorias.

Orde do 12 de febreiro de 2001 pola que se convoca concurso público para a adxudicación de dúas bolsas para realizar estudos relacionadas coa Unión Europea no Colexio de Europa (Bruxelas e Natolín) durante o curso académico 2001-2002 e se anuncia a súa convocatoria (DOG núm. 43, do 1.3.2001).

Tendo en conta que o art. 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, convócase concurso público para a adxudicación de dúas bolsas destinadas a titulados superiores en ciencias políticas e da administración, dereito e administración e dirección de empresas ou economía.

Amais dos requisitos que se regulan no artigo 3, apartados *a)* e *b)*, no *c)* especificase que os candidatos deberán acreditar, documentalmente, coñecementos satisfactorios de galego, inglés e francés.

Orde do 8 de marzo de 2001 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de doce bolsas para estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidade (DOG núm. 61, do 27.3.2001).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 22 establece que o Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega, asesorará a Administración e ós particulares, e coordinará os servizos encamiñados a segui-los obxectivos que esa mesma lei determina.

O concurso ten por obxecto a adxudicación de doce bolsas de estadias e participación nos proxectos de investigación que aparecen como anexo I no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nos requisitos xerais establécese que o candidato debe ser estudante ou licenciado de calquera das universidades coas que a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten subscritos convenios de colaboración para a promoción e estudo do galego.

Escola Galega de Administración Pública

Orde do 7 de marzo de 2001 pola que se publica a equivalencia dos cursos de linguaxe administrativa galega feitos na Escola Galega de Administración Pública antes do ano 2000 (DOG núm. 65, do 2.4.2001).

O artigo único desta Orde declara como equivalentes ó curso medio de linguaxe administrativa galega, deseñado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, os seguintes cursos realizados na Escola Galega de Administración Pública con anterioridade ó ano 2000, e dirixidos ós diferentes grupos de persoal ó servizo das administracións públicas: cursos de linguaxe administrativa, cursos de linguaxe administrativa galega, cursos de linguaxe xurídica galega e cursos de linguaxe xurídica galega para asesores xurídicos da Xunta.

Resolución do 8 de xaneiro de 2001 pola que se convocan dúas bolsas de linguaxe administrativa galega (DOG núm. 9, do 9.2.2001).

A Escola Galega de Administración Pública convoca dúas bolsas de linguaxe administrativa galega para a realización de estudos e prácticas sobre linguaxe administrativa galega.

Eixo Atlántico

O «Eixo Atlántico», asociación que engloba a 18 concellos, galegos e portugueses, vén de aprobar unha «Declaración de Dereitos Lingüísticos do Eixo Atlántico», a instancia da Fundación Premios da Crítica Galicia.

No Preámbulo salientase o feito de que calquera que nos observe desde fóra decatarse de que a comunicación que establecemos portugueses e galegos non está exenta de perplexidade. Porque os escasos intentos de achegamento a través da cultura ou do comercio non funcionaron. «E seguramente no intercambio mercantil que se está a producir nestes últimos

anos —dise— tampouco poidamos esperar sorpresas favorables. A historia non fixo máis que separarnos, pero nós mesmos fomos incapaces de buscar puntos de encontro. O común marco actual europeo vennos prestar unha axuda cando establece políticas que favorecen o intercambio en tódolos sentidos, dende o lingüístico ó económico. Consideramos, entón, que sexa este o momento ideal de establece-las pontes de converxencia que logren facer da nosa proximidade unha convivencia proveitosa.»

A seguir reproducimos a proposta da Fundación Premios da Crítica Galicia que a Comisión Executiva aprobou no mes de abril de 2001:

«As institucións que forman o Eixo Atlántico, reunidas o 20 de abril de dous mil un, DECLARAN QUE:

»1. Considerando que a Constitución Española, a Portuguesa e o Estatuto de Autonomía de Galicia declaran cooficiais a tódolos efectos nas actividades do EIXO ATLÁNTICO as linguas portuguesa, española e galega, de xeito que

»1.1. as intervencións e documentos escritos terán plena validez en calquera das tres linguas.

»1.2. tódolos galegos e portugueses teñen dereito a expresárense, seren atendido e obtenen documentación oficial en lingua galega ou portuguesa, respectivamente, polos concellos do EIXO ATLÁNTICO, en forma de papel, soporte informático ou calquera outra.

»2. Considerando a forza do actual proceso de restauración social do uso da lingua galega e maíla necesidade de impulsala de conformidade coa Carta Europea das Linguas Minorizadas, o EIXO ATLÁNTICO promoverá iniciativas propias e apoiará iniciativas alleas que impulsen aquel proceso:

»2.1. Tenderá a que as relacións se

realicen preferentemente en lingua portuguesa ou en lingua galega.

»2.2. Terá como válidos tódolos documentos notariais ou autorizados por funcionarios que exercen a fe pública, que estean redactados en lingua galega.

»2.3. Promoverá campañas para promover os hábitos dos portugueses de acepta-las relacións orais e escritas, oficiais e comerciais, dos galegos con eles en lingua galega.

»2.4. Promoverá a libre circulación dos produtos galegos ou portugueses etiquetados respectivamente en lingua galega ou en lingua portuguesa.

»2.5. Promoverá actividades culturais que contribúan a impulsa-la actividade comercial e cultural en lingua galega.

»3. Considerando a Lei de Normalización Lingüística de Galicia, refrendada polo Tribunal Constitucional español, e maílas Recomendacións da ONU en materia toponímica, declaran que os topónimos portugueses terán no EIXO ATLÁNTICO unha forma oficial que será a portuguesa, e os topónimos galegos terán unha forma oficial que será a galega.

»4. Considerando que o modelo economicista de crecemento propugnado polos grupos económicos transnacionais, que identifica progreso con desregularización e liberdade con individualismo competitivo, xera graves e crecentes desigualdades económicas, sociais, culturais e lingüísticas, o EIXO ATLÁNTICO

»4.1. propugna un modelo de desenvolvemento sostible e equitativo para toda a humanidade, e propicia un marco de organización política da diversidade lingüística baseado no respecto, a convivencia e o beneficio recíprocos;

»4.2. entende que o espacio comunicativo mundial é compatible coa participación equitativa de tódolos pobos, de tódalas comunidades lingüísticas e de tódalas persoas no proceso de desenvolvemento;

»4.3. coherentemente, o EIXO ATLÁNTICO constitúese como unha forma de vertebración internacional que permita mante-la diversidade dentro da mundialización da economía e do mercado da información;

»4.4. comprométese a orientar tó-

dalas súas actividades na liña de mante-la cohesión interna de cada comunidade lingüística, independentemente da súa limitación demográfica, dispersión, precariedade económica ou modelo cultural distinto do predominante.

»5. O EIXO ATLÁNTICO reconece o dereito dos galegos e dos portugueses a obterem nas súas respectivas linguas unha información completa, tanto oral coma escrita, sobre os produtos e servicios que propoñen os establecementos comerciais (como, por exemplo, as instrucións de uso, as etiquetas, as listas de ingredientes, a publicidade, as garantías e outros), así coma as indicacións públicas referentes á seguridade dos cidadáns en condicións non inferiores ás de calquera outra lingua. O EIXO ATLÁNTICO promoverá campañas de mentalización para que nos intercambios entre empresas e entidades galegas e portuguesas se faga efectivo este dereito que todo cidadáns, cliente ou usuario ten de ser informado, oralmente ou por escrito, na lingua propia do territorio nos establecementos abertos ó público, aquén e alén do Miño.»